



## A Hedra, o ollo e a letra

---

Lorena Conde Martínez<sup>1</sup>

“Sinto un ollo sonoro que eu só sei escoitar cegamente”<sup>2</sup>

Tamén nós, Luísa.

Sentímolo por vez primeira ao conseguirmos un *Papagaio* case de contrabando (están imposibles os *Papagaio*, os *Ruído* ou os *Rota ao interior do ollo...*). Foi lelo e caermos rendidas.

Esa historia era a que pedía paso e corpo: a fotógrafa e a poeta que non deixastes que a memoria das mulleres explotadas no *Papagaio* ficase enterrada no movemento de terras sobre o que se ergueu o pretensioso Bulevar. A conservación da dignidade pola arte. A consagración do oficio.

Vós, a fotógrafa e a poeta, convertéstesvos nas guías do traballo; as que saben onde hai que poñer a mirada e a servizo de quen debe estar a voz. Mais, para dar conta do recado cumpríanos por enriba de todo coñecervos.

Maribel, por sorte, atendeu a nosa chamada reunindo forzas e desvelándonos esa ollada intelixentísima e incisiva que xa sospeitabamos. Mais ti xa non podías respondernos ás preguntas. É ben

---

1 Lorena Conde Martínez, actriz, poeta e dramaturga, é licenciada en Filoloxía Hispánica e posgraduada en Arte Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Dirixe o grupo de teatro A Feroz, que está a montar unha peza teatral a partir de *Papagaio* (Laivento, 2006), de Luísa Villalta e Maribel Longueira.

2 De «Monstros (guarda)»; *En concreto*, Espiral Maior, 2004.